

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO SUBMINISTRO DE AUGA.

Artículo I.- Fundamentos e Natureza.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1 985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos do 15 ó 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa por SUBMINISTRO DE AUGA, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, atendendo as súas normas no previsto no artigo 57 da dita Lei 2/2004.

Artículo 2.- Feito Impoñible

Constitúe un feito imoñible da Taxa a prestación do servizo de subministro de auga a domicilio, a petición do interesado.

Artículo 3.- Suxeito Pasivo

Serán suxeitos pasivos contribuintes, as persoas físicas ou xurídicas e as Entidades ás que se refire o art. 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas ou locais situados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas nos que se preste o servizo, xa sexa a título de propietario ou de usufructuario, habitacionista, arrendatario ou, incluso de precario.

Terá a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte, o propietario das vivendas ou locais, que poderá repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios daquelas, beneficiarios do servizo.

Artículo 4.- Obrigación de Pago.

A Taxa regulada nesta Ordenanza é esixible no momento que se inicie a prestación do servizo.

Establecido e estando en funcionamento o referido servizo, a Taxa abonarase o primeiro día do período que sinala a tarifa da Taxa, ou no seu caso, na data na que se comece a prestación do servizo. O devendo da mencionada taxa será de periodicidade trimestral.

Artículo 5.- Contía

A contía da taxa, regulada nesta Ordenanza, será a fixada na Tarifa seguinte, aplicándose os seguintes tramos:

29

Núm. 073 - Miércoles, 28 de Marzo de 201 2

B.O.P de Lugo

TARIFAS	
Usos DOMÉSTICOS	
Cuota fixa trimestral: 3 €	
De 0 a 30 ^{M3} trimestrais	0,20 ^{M3}
De 31 a 61 ^{M3} trimestrais	0,30 ^{M3}
De 61 a 100 ^{M3} trimestrais	0,50 ^{M3}
Más de 100 ^{M3} trimestrais	0,70 ^{M3}
TARIFAS	
USOS INDUSTRIALES	
De 30 ^{M3} trimestrais	0,20 ^{M3}
Más de 30 ^{M3} trimestrais	0,70 ^{M3}
TARIFAS	
OBRAS	
De 0 a 240 ^{M3} trimestrais	0,36 ^{M3}

Exceso a	0,60 ^{M3}
Tanto alzado sin contador	86 55 € trimestre

Os dereitos de acometida á rede xeral a satisfacer por unha sola vez no momento de alta, serán de 180,30 € si a instalación do contador é por conta do particular, é de 270,46 € si é por conta da Administración.

Entrada en Vigor.-

A presente Ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 30 de Xaneiro de 2012, entrará en vigor no momento da súa publicación íntegra no BOP, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Contra o presente acordo poderá interpoñerse no prazo de 2 meses, a contar dende a publicación deste anuncio no BOP, o recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos establecidos na normativa reguladora da devandita xurisdicción.

En O Páramo, a 19 de marzo de 2012.- O Alcalde, Gumersindo A. Rodríguez Liz